

ADMISIÓN DE FICHAS DE INSCRICIÓN:

Requisitos Xerais:

- 1) Só se admitirán as Fichas enviadas dentro do prazo establecido na Convocatoria.
- 2) A selección das Pemes interesadas efectuarase respectando o rigoroso orden da data de solicitude efectuada, e a hora de chegada ata o esgotamento das prazas dispoñibles, sempre que cumplan os requisitos establecidos na Convocatoria.

O Rexistro de Entrada da Cámara acreditará a data de presentación da documentación requirida, que será utilizada para establecer a priorización temporal das solicitudes.

A avaliación de solicitudes de participación e admisión de empresas ao Programa realizarase do seguinte modo:

A) PRESENTACION DAS SOLICITUDES

- a. **Por mail.** Tódalas solicitudes deberán ser presentadas obrigatoriamente vía correo electrónico.
- b. **Ao enderezo indicado pola Cámara organizadora.** As solicitudes deberán presentarse no enderezo electrónico que indique a Cámara organizadora na convocatoria. Non se admitirán envíos a ningún outro enderezo da Cámara que non sexa o indicado pola mesma na convocatoria da acción.
- c. **Data e hora de chegada do E-mail:** A data e hora do email serán os que se teñan en conta para a selección das Pemes participantes (de acordo co establecido no punto 2).

B) EMPRESAS ADMITIDAS PROVISIONALMENTE E DEFINITIVAS

Considerarase **ADMITIDA PROVISIONALMENTE** a unha empresa e polo tanto ocupará unha praza das dispoñibles que estableza a Convocatoria cando:

- Envíe por correo electrónico á Cámara organizadora a ficha de inscrición asinada, copia da transferencia e toda a documentación anexa que se faga constar na Convocatoria da acción.
- A empresa deberá enviar por e-mail TODA A DOCUMENTACION SOLICITADA. De faltar algunha documentación, a empresa non figurará na lista das Admisións Temporais.
- A empresa deberá cumprir tamén tódolos requisitos indicados na Convocatoria (consideración de Pemes, Sociedade Mercantil, ter un centro produtivo en Galicia etc.)

Para que se lle outorgue praza definitiva, a Cámara comunicará á empresa a disposición de cinco días hábiles para entregar ante a Cámara organizadora, e en calquera caso antes de que finalice o prazo límite de inscrición, toda a documentación en orixinal que se lle faga constar na Convocatoria.

En caso de que dita documentación en orixinal non sexa entregada no prazo estipulado, perderá a praza gardada provisionalmente, que ocupará a seguinte Peme solicitante.

No caso de que presente a documentación orixinal nese prazo e a efectos da orde para a adxudicación das prazas, a data de admisión será aquela na que presentou previamente vía e-mail á Cámara toda a documentación solicitada.

- C) Considerarase INCORPORADAS NA LISTA DE ESPERA** a aquelas empresas solicitantes que reúnan tódolos requisitos e que presentaran toda a documentación no prazo requirido, pero excedan das cotas establecidas. A súa participación no programa será só factible no caso de que algunha das empresas seleccionadas non completase os trámites precisos, desistise do proceso e/ou no caso de ampliación de cotas.
- D) Considerarase REXEITADA** unha solicitude cando a empresa solicitante incumpra os criterios excluíntes, non emendables, de participación ou aquelas que non envíen por e-mail toda a documentación esixida ou que non realicen a oportuna emenda no prazo estipulado.